



CONTRACIELO

Programa de Acompañamento Artístico

Réplika Teatro coa colaboración de Fundación SGAE

*En qualsevol comunitat peuterrosa,
la confiança en unes sements eternes
que roden i reviu en allibera la cultura
dels esforços de memòria massa ostensibles
Perejaume*

(En calquera comunidade labrega,
a confianza nunhas sementes eternas
que renacen unha e outra vez, libera a cultura
dos esforzos de memoria demasiado ostensibles)

Na minería subterránea denomínase «**CONTRACIELO**» a unha escavación vertical ou inclinada realizada desde o fondo cara arriba, que se diferencia dos pozos de mina, chemineas ou pozos verticais que se escavan de arriba cara abaixo.

Un «**CONTRACIELO**» é un traballo subterráneo ascendente, que parte dun nivel inferior cara a un superior. Poética ou filosoficamente, representa tamén unha visión invertida do ceo, un espazo liminar ou un reflexo.

Agora «**CONTRACIELO**» é, tamén, un programa de acompañamento artístico.

| CONVOCATORIA |

CONTRACIELO ten como obxectivo brindarlles espazo, tempo, recursos e acompañamento a unha selección de artistas, compañías e/ou colectivos artísticos que se achen nunha etapa inicial ou intermedia de desenvolvemento da súa sensibilidade poética, cuxa práctica artística asuma a condición de arte viva representada perante un público e que teñan, polo menos, unha experiencia profesional como creadorxs, ofrecéndolles novos apoios desde onde poderen profundar na súa identidade artística.

O programa está pensado para artistas escénicos conscientes do seu presente, relacionadxs coas ideas que articulan o noso tempo, atentxs ás dinámicas da contemporaneidade e ás novas linguaxes escénicas; suxeitos desexantes doutros futuros posibles para a arte e para o mundo.

Este programa
non é unha residencia
non é un obradoiro
non é unha escola

CONTRACIELO busca constituírse como un lugar de excepcionalidade e promover dinámicas de intercambio, xeración e transmisión de coñecementos e experiencias, espazo e tempo de traballo, recursos técnicos e económicos, e encontros con outrxs profesionais provenientes tanto do ámbito artístico como doutras disciplinas relacionadas coa creación contemporánea e co pensamento.

O obxectivo é acompañar o desenvolvemento profesional dxs creadorxs contemporáneos, axudándolles a profundar na súa poética e na súa práctica a través do establecemento dun contexto de escoita, coidado e seguimento. A idea é priorizar a investigación e tensar as metodoloxías artísticas mediante o intercambio xeracional teórico-práctico, explorando os límites das disciplinas escénicas convencionais e os seus posibles desbordamentos e contaminacións, permitindo espazos de baleiro onde habitar a dúbida, a pregunta, o que está por vir, o que aínda non foi nomeado, o non-saber como terreo de coñecemento onde facer novas e inesperadas conexións.

Que dicimos cando dicimos **ACOMPÑAMENTO**?

Acompañar —seguindo a Carolina Campos— é un xesto técnico e empático asemade, é un lugar «entre», un lugar político e sensible, sobre todo en comunidades como as artísticas, onde prima a precariedade en ámbitos de esixente hiperprodutividade e eficiencia. O acompañamento é escoita, atención e disposición. Preocupación e sensibilidade. Axuda, apoio, recoñecemento, respecto e afecto.

Empatía. Compartir, soste, sosterse colectivamente na incerteza. Estar por min e polxs demais.

*Pensar-con fortalece o traballo do pensamento,
apoia a súa singularidade e o seu potencial contaxioso.
Escribir-con é unha tecnoloxía práctica
que se revela tanto descritiva (inscribe)
como especulativa (conecta).
Constrúe relacións e comunidade,
é dicir, posibilidade.
María Puig de la Bellacasa*

Así mesmo, este proxecto busca xerar dinámicas de encontro entre artistas e pensadorxs de distintas xeracións e disciplinas e posibilitar unha rede de contactos nutritiva e duradeira. Trátase de usar a conversa e a práctica como ferramentas para amplificar, dinamizar, sintonizar, problematizar e establecer un vocabulario común. Búscase, en definitiva, fuxir de metas produtivistas e resultadistas, e privilexiar o ser dxs artistas por riba da súa mercantilización.

Precisamente por isto último, ha de ficar claro que este non é un programa de residencias de creación. Tampouco é obrigatorio mostrar un resultado ao final do proceso, aínda que internamente se poderán activar prácticas e materiais como parte do traballo de profundamento e como froito do pulo de compartir co(a)s demais creadorxs na procura dunha mirada externa ou dun *feedback* concreto.

CONTRACIELO é un programa impulsado por **Réplika Teatro** coa colaboración de **Fundación SGAE**.

O programa adoptará a forma dun conxunto de encontros, residencias, sesións de traballo técnico, debates e outro tipo de actividades enfocadas no traballo particular de cada artista seleccionadx, así como xornadas conxuntas de reflexión, contextualización e transmisión con todxs xs artistas seleccionadxs, situadas ao comezo e ao final do programa. É importante para o proxecto establecer dinámicas horizontais de diálogo co(a)s artistas para debuxar por onde conducir os encontros, que serán particulares en cada caso.

- A convocatoria está aberta a artistas, compañías e colectivos artísticos procedentes de calquera territorio do Estado español.

- As candidaturas serán valoradas polo equipo xestor deste programa, conformado por Mikolaj Bielski, Alberto Cortés, Poliana Lima e Álvaro Vicente, tendo en conta os seguintes criterios de valoración:
 - Calidade artística
 - Orixinalidade da liña de investigación
 - Innovación

Favorecerase o equilibrio territorial e de xénero entre xs seleccionadxs.

- Xs preseleccionadxs que pasen á segunda fase someteranse a unha nova valoración máis exhaustiva a través de entrevistas personalizadas.
- Finalmente, elixiranse catro artistas, compañías e/ou colectivos, dos cales un(ha) estará conformado obrigatoriamente por exalumnxs da diplomatura en Arte Dramática de Réplika Teatro que formasen compañía ou colectivo nos últimos catro anos.
- A selección final darase a coñecer o 20 de abril de 2026.

Cada artista, compañía e/ou colectivo seleccionado obtén:

- Unha semana de traballo en Réplika Teatro con dotación técnica, de luns a venres de 10 a 15 h, e a posibilidade de usar espazos de traballo da Fundación SGAE, na rúa Bárbara de Bragança, 7, de Madrid, de luns a venres, entre as 17 e as 20 h, neste caso sen dotación técnica escénica.
- Dúas semanas de traballo compartido co(a)s demais artistas seleccionadxs nun espazo de convivencia aínda por confirmar, con dotación técnica.
- Acompañamento e encontros de traballo co equipo xestor do programa durante todas as semanas do programa.
- Encontros de traballo con outrxs artistas ou profesionais doutros medios, seleccionadxs co acordo previo entre xs xestorxs do programa e xs artistas, compañías e/ou colectivos seleccionadxs, durante as semanas de traballo do programa.
- Axuda económica de 1500,00 € (impostos excluídos) para apoiar a asistencia ás sesións de traballo e o profundamento. O pagamento realizarase logo da presentación do documento de cobramento legalmente admitido en dereito que reúna todos os requisitos esixibles pola normativa vixente.
- Bolsa de viaxe para os gastos de aloxamento, estancia e transporte da semana de traballo en Madrid, para xs que residan fóra da Comunidade de Madrid.
- Bolsa de viaxe para os gastos de transporte e estancia das dúas semanas de traballo compartido no espazo de convivencia.

- Aloxamento no espazo de convivencia durante as dúas semanas de traballo compartido.

Cada artista, compañía e/ou colectivo seleccionado comprométese a:

- Presencialidade e dispoñibilidade total nas tres semanas de traballo do programa.
 - Dispoñibilidade para as datas do proceso de selección (consultar calendario do programa).
 - Estar en disposición de poder facturar (autónomxs, empresas, asociacións, cooperativas e outras naturezas xurídicas) e cumprir coas obrigas contables, laborais e fiscais segundo a normativa vixente.
-

CALENDARIO

- 16 de febreiro de 2026: apertura da convocatoria
- 15 de marzo de 2026: peche da convocatoria ás 23:59 horas (horario peninsular)
- 8 de abril de 2026: notificación aos/ás preseleccionadxs
- 18 de abril de 2026: reunións en liña co(a)s preseleccionadxs
- 20 de abril de 2026: notificación e publicación dxs seleccionadxs
- 27-29 de abril de 2026: reunións en liña co(a)s seleccionadxs
- 8-12 de xuño de 2026: primeira semana conxunta de traballo e convivencia (espazo por determinar)
- 14-18 de setembro de 2026: semana de traballo individual en Réplika Teatro e Fundación SGAE
- 26-30 de outubro de 2026: semana de traballo individual en Réplika Teatro e Fundación SGAE
- 23-27 de novembro de 2026: semana de traballo individual en Réplika Teatro e Fundación SGAE
- 30 de novembro - 4 de decembro de 2026: semana de traballo individual en Réplika Teatro e Fundación SGAE
- 25-29 de xaneiro de 2027: segunda semana conxunta de traballo e convivencia (espazo por determinar)

SOLICITUDE

Enchede o formulario na seguinte ligazón, no que teredes que incluír a información que se detalla a seguir:

<https://form.jotform.com/contracielo/solicitud>

- Datos persoais e de contacto
- Breve biografía persoal e artística (200-300 palabras)
- Ligazóns a vídeos completos de polo menos dous traballos realizados (non avances nin tráileres).
- Un vídeo que inclúa a lectura dunha carta de motivación de máximo 400 palabras e a resposta ás seguintes preguntas:
 - 1.- Quen sodes
 - 2.- Como chegastes ata aquí e para onde queredes ir: un desexo
 - 3.- Ata onde queredes chegar coa vosa práctica
 - 4.- Cal é o voso motor creativo
- Cinco imaxes que reflectan o voso agora artístico (non imaxes de promoción, de marca ou corporativas).

EQUIPO

Dirección: Mikolaj Bielski

Equipo xestor, coordinación e conceptualización: Mikolaj Bielski, Alberto Cortés, Poliana Lima e Álvaro Vicente

Equipo estable de acompañamento artístico: Mikolaj Bielski, Alberto Cortés e Poliana Lima

Relatoría: Álvaro Vicente

Equipo técnico: George Marinov e Carmen Menager

Producción: Mikolaj Bielski e Mar López

Comunicación: Macarena Bielski

Deseño: Manuel Pita-Romero

Impulsado por Réplika Teatro coa colaboración de Fundación SGAE

RÉPLIKA TEATRO
CENTRO
INTERNACIONAL
DE CREACIÓN



fundación **sgae**